

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



# CONTA XERAL 2011

## INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES DE VIGO

### MEMORIA

Os documentos que integran as contas anuais : o Balance, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de liquidación do Presuposto e a Memoria.

A ORDEN EHA/4041/2004, de 23 de novembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, regula a estrutura e contido da memoria , os distintos documentos que a conforman así como, aqueles sobre os que resulta necesario un comentario ou explicación dos cambios que se produciran ó longo do exercicio económico.

A memoria que conforma a Conta Xeral ten como finalidade completar, ampliar e comentar a información contida no Balance, na Conta de resultado económico patrimonial e no Estado de liquidación do Presuposto.

#### 1. ORGANIZACIÓN

A actividade principal é a xestión das instalacións deportivas municipais (complexos, piscinas, pavillóns e ximnasios) e a promoción deportiva e o desenvolvemento da actividade física, así como a práctica deportiva da poboación da cidade de Vigo.

A estrutura organizativa no seu nivel político ou de goberno e a seguinte: A Xunta de Goberno Rectora e o Presidente de dita Xunta.



a) A Xunta de Goberno formada por dezasete vocais, dez políticos e sete veciñais, un representante da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia e o Presidente da Xunta Rectora.

b) O Presidente da Xunta Rectora é o Alcalde que delega no Presidente da Xunta Rectora efectivo.

A estrutura organizativa no seu nivel Administrativo por unha Dirección, unha oficina de Programación e unha oficina de Administración, e ademais encargados de instalacións e de persoal, conserxes responsables de instalación, oficiais de instalación e mantemento, axudantes de mantemento, etc.

O número medio de empregados no exercicio de 2011 foi de 68: 59 persoal laboral, 4 funcionarios e 5 eventuais correspondentes a contratos de revezamento por xubilación parciais, co seguinte detalle:

PERSONAL LABORAL	59
DIRECTOR DEPORTIVO-XEFE UNID. TEC.DEP	1
DIRECTOR TECNICO	1
COORDENADOR DEPORTIVO	1
TÉCNICO DEPORTES	1
ADXUNTO COORDINADOR	1
ADMINISTRATIVO	3
XEFE MANTEMENTO INSTALACIONES	1
XEFE UNIDADE MANTEMENTO E TALLER	1
CONSERXE RESPONSABLE INSTALACION	3
OFICIAL DE MANTEMENTO	12
OFICIAL DE INSTALACIÓN	17
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	2
AXUDANTE DE MANTEMENTO	14
LIMPADORA	1

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



FUNCIONARIO		4
XEFE DE ADMINISTRACIÓN		1
ADMINISTRATIVO		2
OFICIAL DE INSTALACIÓN		1

  

EVENTUAL		5
OFICIAL DE MANTEMENTO		1
OFICIAL DE INSTALACIÓN		3
LIMPADOR		1

As principais fontes de financiación son dúas: a subvención corrente e de capital do Concello de Vigo que foi o 68,54 % e os ingresos propios o 31,46 % do total.

## 2. XESTIÓN INDIRECTA DOS SERVICIOS PÚBLICOS

Non se xestiona ningún servizo de forma indirecta, xa o organismo autónomo e unha forma descentralizada da xestión municipal.

## 3. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS

Os principios contables que se aplican conducentes a que as contas anuais expresen a imaxe fiel do patrimonio, situación financeira, execución do presuposto e dos resultados, son os seguintes: Principio de entidade contable, principio de xestión



continuada, principio de uniformidade, principio de importancia relativa, principio de rexistro, principio de prudencia, principio de devengo, principio de imputación da transacción, principio de precio de adquisición, principio de correlación de ingresos e gastos, principio de no compensación, principio de desafectación.

#### 4. NORMAS DE VALORACIÓN

As normas de valoración son as que se establecen na Quinta parte do Plan Xeral de Contabilidade Pública adaptado á Administración Local.

##### Balance:

O balance comprende os bens e dereitos, así como os posibles gastos diferidos, que constituen o activo da entidade, e os fondos propios e as obrigacións que forman o pasivo da mesma.

No inmovilizado, aumento de inmovilizacións materiais, na conta 229"Outro Inmovilizado Material"correspondente á inversión. No relativo ás amortizacións, se toma como base de cálculos saldos que figuran no balance a 31 de decembro do exercicio anterior. O método aplicado é continuidade do establecido cumprindo o principio de xestión continuada e de uniformidade.

Tanto no saldo deudor como acreedor destaca o descenso respecto do ano anterior.



### Conta de Resultado Económico-Patrimonial:

Este estado ven a substituír o Estado de perdas e ganancias no Plan de contabilidade pública do ano 1990 pero resumido nun solo documento os resultados de explotación, os resultados extraordinarios, o resultado da carteira de valores e o resultado das variacións de dereitos e obrigacións de exercicios pechados.

A Conta de Resultado Económico-Patrimonial recolle a diferenza que se produce entre vendas e ingresos de xestión común, os aumentos de existencias, outros ingresos comúns, as transferencias e subvencións e ganancias e ingresos extraordinarios e os gastos de funcionamento dos servizos e prestacións sociais, gastos financeiros, redución de existencias, transferencias e subvencións e perdas e gastos extraordinarios.

O resultado final ou desaforro é de - 789.606,97 euros fronte o desaforro de - 1.043.945,00 euros do ano anterior sendo a xustificación deste resultado:

- Menores ingresos nos prezos públicos por prestacións de servizos, un 6,30 % (145.632,43 euros) menos co ano 2010 e se mantén a subvención corrente do Concello, diminuíndo un 50,00% (75.000,00 euros) a de Capital.
- Disminución nos gastos de xestión dun 4,31 % (346.731,07 euros) destacando un aumento nos gastos de persoal dun 9,21 % (186.545,58 euros) debido á incorporación do persoal funcionario do Concello levando consigo a diminución dun 83,95 % (152.516,82 euros) na transferencia corrente do IMD ó Concello.



#### 5. INVERSIÓNS DESTINADAS Ó USO XERAL

Non existen modificacións respecto do exercizo 2010.

#### 6. INMOVILIZACIÓNS INMATERIAIS

O Organismo Autónomo non ten inmovilizacións inmateriais

#### 7. INMOVILIZACIÓNS MATERIAIS

O Instituto Municipal dos Deportes ten un aumento debido á conta 229 “Outro Inmovilizado Material” de Outro Inmovilizado procedente da inversión de capital.

#### 8. INVERSIÓNS XESTIONADAS

O Instituto Municipal dos Deportes non ten inversións xestionadas

#### 9. PATRIMONIO PÚBLICO DO CHAN

O Organismo Autónomo non ten bens patrimoniais clasificados deste xeito

#### 10. INVERSIÓNS FINANCEIRAS

O Instituto Municipal dos Deportes non ten inversións en accións con o sin cotización oficial e outros valores.



## 11. EXISTENCIAS

Non se leva contablemente un control de existencias, os aprovisionamentos fanse por anos, en consecuencia, a variabilidade das mesmas é escasa o de nula contía e o valor final do exercicio non ten impacto sobre o resultado económico-patrimonial, ni sobre os demais estados e contas anuais, estando representada esta masa patrimonial por algun material de oficina, que como xa foi dito, por su importancia relativa non se incorpora como existencias finais.

## 12. TESOUREIRÍA

O Organismo Autónomo ten seis contas bancarias operativas pertencentes a mesma entidade Nova Galicia Banco e unha caixa operativa e outra restrinxida de pagos a xustificar. É importante resaltar que o saldo das contas bancarias e caixa operativa que corresponden en sua totalidade a liquidez pura non sería suficiente para facer fronte á totalidade do saldo das débedas.

## 13. FONDOS PROPIOS

Este estado recolle as variacións producidas nas contas de Patrimonio e Reservas. As variacións máis importantes explícanse polo resultado económico-patrimonial que representa no Balance o resultado do exercizo por un importe de - 789.606,97 euros. Prodúcese unha diminución na conta 129, resultado do exercizo do ano 2010 - 1.043.945,00 euros, que se traspasa a 120, resultado de exercizo de anos anteriores.



#### 14. ENDEBEDAMENTO

Non hai saldos nin movementos a comentar no subgrupo 17 e 52, xa que non existe endebedamento nin a longo nin a corto prazo.

#### 15. RECURSOS OUTROS ENTES

Non existen operacións a rexistrar nese Estado.

#### 16. OPERACIÓNS NON PRESUPOSTARIAS DE TESOUREIRÍA

Este Estado recolle a información relativa ós deudores, e acreedores non presupostarios, partidas pendentes de aplicación de pagos e cobros pondo de manifesto a situación ó inicio de exercizo, as modificacións cargos e abonos e saldo pendente ó peche de exercizo.

Destaca o aumento respecto do ano anterior no subgrupo 43, deudores presupostarios sendo o saldo actual de 294.795,74 euros correspondentes principalmente á debuda do programa “Deporte na Terceira Idade” do Concello.

O saldo do subgrupo 40, acreedores presupostarios teñen a súa xustificación nas obrigacións pendentes de pago ó peche 782.304,53 euros.

O saldo con Administracións Públicas correspóndese con IRPF e IVA tesoureiría e a Tesoureiría Xeral da Seguridade Social.





## 17. INGRESOS E GASTOS

### 18.

Nos ingresos, mantense a subvención corrente do Concello para cubrir os gastos abaixo indicados e unha diminución nos prezos públicos (145.632,43 euros; 6,30 %).

Respecto dos gastos, existe un aumento dun 9,21 % nos gastos de persoal (186.545,58 euros) levando consigo a diminución dun 83,95 % (152.516,82 euros) na transferencia corrente do IMD ó Concello, e diminución nos gastos de xestión dun 4,31 % (346.731,07 euros).

## 18. VALORES RECIBIDOS EN DEPOSITO

Os valores recibidos en depósito mantense en cifras similares ós anos anteriores.

## 19. CADRO DE FINANCIACIÓN

Este estado ven a substituír o Estado de Orixe e Aplicación de Fondos no Plan Xeral de contabilidade Pública do ano 1990, recollendo os fondos obtidos e aplicados, tanto por operacións de gastos e ingresos como as derivadas de adquisicións ou altas de inmovilizado, vendas ou diminucións do mesmo, variación de endebedamento, etc.

Constitúen as aplicacións os incrementos que se producen en contas de Activo Fixo, incrementos do Debe e minoracións do Pasivo Fixo. Os fondos obtidos son consecuencia das baixas nas contas de activo fixo, saldos acreedores, e incrementos en contas do pasivo fixo. Conforman igualmente o cadro de financiación, os resultados da xestión, sendo os fondos aplicados os correspondentes a gastos de servizos exteriores, persoal, transferencias e subvencións recibidas, provisións aplicadas a súa finalidade, ingresos financeiros e outros ingresos.



En cuanto as variacións en capital circulante, os aumentos teñen a súa orixe nos incrementos nas contas do activo circulante e os saldos deudores das contas de pasivo circulante, e as diminucións son consecuencia das diminucións nas contas de activo circulante e os incrementos no pasivo circulante.

No análise dos fondos obtidos e aplicados, os aplicados son maiores cos fondos obtidos en 664.125,69 euros, o que supón a diminución do capital circulante.

## 20. INFORMACIÓN PRESUPUESTARIA

### 20.1 Exercizo Corrente

#### A) Presuposto de Gastos

##### A.1 Modificacións de Crédito

Este Estado recolle de forma separada as modificacións presupostarias, o detalle dos distintos tipos de modificacións, as partidas afectadas polas mesmas así como os importes en cada caso. No exercizo tramitáronse 2 modificacións presupostarias, un crédito extraordinario (01/2011) e unha transferencia de crédito (02/2011).

##### A.2 Remanentes de Crédito

O importe total de créditos comprometidos e non comprometidos ascende a 92.313,10 euros.

**CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES**

**CONCELLO  
DE VIGO**



### **A.3 Execución de Proxectos de Gastos**

Este estado recolle de forma individualizada para cada un dos proxectos o detalle de gasto previsto, comprometido, as obrigacións recoñecidas ó inicio e durante o exercicio, o total e gasto pendente de realizar.

### **A.4 Acreedores por operacións pendentes de aplicar a presuposto**

Este Estado recolle os saldos da conta 413 polo gasto executado non aplicado ó presuposto. Non existe saldo algún nesta situación.

## **B) Presuposto de Ingresos**

### **B.1 Proceso de Xestión**

Este Estado recolle a información sobre os dereitos anulados, cancelados e a recadación neta. Existen dereitos anulados por importe de 995,47 euros e non existen dereitos cancelados. O importe da recadación neta é 6.965.833,11 e a súa análise figura no informe da liquidación do presuposto.

### **B.2 Devolucións de Ingresos**

O importe das Devolucións de Ingresos son 995,47 euros.

### **B.3 Compromisos de Ingresos**

Non existen rexistros neste módulo.



## 20.2 Exercizos Pechados

### A) Obrigacións de presupostos pechados

Este Estado recolle a información sobre as obrigacións de presupostos pechados con detalle por anos e partidas, indicando o saldo inicial, as modificacións, os pagos e as obrigacións pendentes ó peche de exercizo.

Neste exercizo houbo movementos por importe de 512.554,18 euros, a maioría do exercizo precedente do 2010, e o saldo final de obrigas pendentes de pago ó peche de exercizo é 38,895,90 euros sendo a 0 euros ó día do presente informe.

#### A) Dereitos a cobrar de presupostos pechados

O Estado de referencia consta de dúas partes e recolle a información sobre os dereitos de presupostos pechados con detalle, por anos e concepto de saldo inicial, modificacións, anulacións, recaudación e pendente o final do ano. Non existen neste exercizo nin dereitos anulados nin dereitos cancelados.

#### B) Variación de resultados presupostarios de exercizos anteriores

Non hai feito algun no exercizo

## 20.3 Exercicios Posteriores

Non existe gasto que suponía un compromiso futuro polo que o Estado non recolle ningun movemento



### 20.3 Gastos con financiación afectada

Non existen gastos con financiación afectada

### 20.4 Remanente de Tesoureiría

O Remanente de Tesoureiría Total, calculado de acordo ao previsto nas regras 81 a 87 da ICAL, ascende a - 290.890,88 euros.

## 21. INDICADORES

A ICAL establece distintos tipos de indicadores: financeiros e patrimoniais, Presupostarios de orzamento corrente e de pechados e os indicadores de Xestión.

### Indicadores Financeiros e Patrimoniais:

LIQUIDEZ INMEDIATA:	319.562,43/905.549,05=0,35	Fondos Líquidos/Obrigas ptes. Pago
SOLVENCIA CURTO PRAZO:	614.658,17/905.549,05=0,68	Fondos Líquidos +Dereitos ptes. Cobro/ Obrigas ptes. Pago

Tanto o índice de liquidez inmediata como a solvencia a curto prazo representan un valor inferior co do ano anterior, pasando respectivamente de 1,17 e 1,56 no ano 2010, ó 0,35 e 0,68 no ano 2011.



Indicadores Orzamentarios:

EXECUCIÓN ORZAMTO. GASTOS:	7.681.472,22/7.773.785,32=0,99	Obrigas Recoñecidas Netas/Créditos Definitivos
REALIZACIÓN DE PAGOS:	6.938.077,59/7.681.472,22=0,90	Pagos Líquidos/ Obrigas Recoñecidas Netas
EXECUCIÓN ORZAMTO. INGRESOS:	7.017.285,48/7.773.785,32=0,90	Dtos. Recoñecidos Netos/Previsiones Definitivas
REALIZACIÓN DE COBRO:	6.965.833,11/7.017.285,48=0,90	Recadación Neta/ Dtos. Recoñecidos Netos

Respecto da execución dos orzamentos, nos gastos se aumenta a execución do ano 2010 que era o 98% ao 99% neste ano, e nos ingresos aumenta de 87% ao 90%.

Respecto da realización de pagos e cobros, nos pagos se diminúe do ano 2010 que era o 94% ao 90% neste ano, e nos cobros mantense no 99% .

Indicadores de Xestión:

Se establece o coste polos servizos principais prestados polo Instituto Municipal dos Deportes: Servizo de Piscinas, de Ximnasia, outras instalacións (pavillóns en distintas zonas da cidade) e de Escolas Deportivas .

CONCELLERÍA  
DE  
DEPORTES

CONCELLO  
DE VIGO



## 21. ACONTECIMENTOS POSTERIORES Ó PECHE

Non existen feitos relevantes con posterioridade ó peche que alteren os estados e contas anuais que se presentan, salvo os que se derivan da propia materialización de cobros e pagos pendentes o peche de exercizo.

O Xefe de Contabilidade

Javier Pinal Falque



O Presidente

Jose Manuel Fernández Pérez